

PREGÓN FESTAS DO APÓSTOLO 2012

¡¡¡¡¡Boas noites, Compostela!!!!

¡¡¡¡Boas noites, Obradoiro!!!!

¡Benhachados, conveciños! ¡Benvidos, xentes de fóra! ¡Boas noites a todos!

¡Amigos...! ¿Como vos podería transmitir a honra que supón para min, ser pregoeiro das festas de Compostela? ¡A cidade máis fermosa do mundo! ¡A cidade onde tiven a sorte de vir nacer!

¿Como trasladaros a emoción, a inquedanza, ese formiguillo que me reconcome os adentros ante semellante compromiso? ¿Como atopar as palabras axeitadas...? ¿Como estar á altura da ocasión? A verdade, é que levo longo tempo desacougado, dándolle voltas ó asunto. Cavilando... documentándome, na procura de colaboradores, pedindo consellos, tomando tilas e virándome tolo. E ó final, decateime que o mellor vai ser deixarme de discursos, e falarvos co corazón na má. Disque a emoción, vai por barrios, e eu son da Pontepedriña.

Falarei, logo, co corazón... desde o corazón desta Compostela pétrea. Pois nada mellor que esta praza, para vos poder ilustrar o que, neste intre, significa para min o Obradoiro.

O Obradoiro, é un clube de amigos do baloncesto que teño a honra de adestrar. E se estou hoxe, aquí, falándovos, foi por ter conquerido un soño colectivo. Fixemos historia deportiva. Un logro que se fundamentou en valores de equipo, como o esforzo, por superarnos, a loita, contra a adversidade, a coraxe, para superar o desánimo, o sacrificio, por min e polos meus, a perseverancia, para soster os nosos principios, a honestidade, para dar feito o que un ten que facer, o compromiso, cos que me alentan e apoian, a solidariedade, para compartir con os que o necesitan, a ilusión, para acadar que os soños viren realidade.

E cavila que te cavila, din en pensar que esos mesmos valores trascendían máis alá do que eu consideraba deportivo. Pois todos eses peregrinos, romeiros, camiñantes, turistas de a pé ou dacabalo, xentiña de todo credo e condición que a esta praza chegan facendo o camiño... ¿Non se aferran a eses mesmos principios, para poder chegar a súa meta? ¿A derradeira etapa? Aquela que os conduce ó Obradoiro.

E tamén me decatei que esos valores trascendían ó tempo. Pois esforzo, ilusión e coraxe, tamén escorregaban polas mans dos primeiros canteiros que fixeron desta praza o seu taller, o seu obradoiro, e coa súa perseverancia e compromiso, foron, paseniño, transformando a pedra en arte. E reparade que algunhas desas pedras levan máis de novecentos anos oíndo chover en Compostela.

Hai tempo, un periodista, un amigo, tivo a ben poñerme o alcume de “O Alquimista”. Non sei se serei merecedor dese título, porque para min, a alquimia do xogo, prodúcese cando os xogadores poñen eses valores persoais, ó servizo do equipo. O millor do meu traballo consiste, en tentar que así sexa. Pero a verdadeira alquimia reside na capacidade de todos nós para levar eses principios como bandeira o longo da nosa vida.

Ó longo dunha tempada, ó longo do camiño, ou ó longo dos séculos... como decimos nós: ¡hai que facer obra...!

E decir, que o segredo desa fórmula alquímica é: compromiso na vida, e esforzo no traballo. Hai que tentar ser honesto, primeiro consigo mesmo, e logo cos demais. Un home de ben.

E como de ben nacidos é ser agradecidos, non podo deixar de agradecer ó señor alcalde, e á corporación municipal en pleno, por terme concedido o privilexio e a fachenda de representar esta noite, a un equipo de xente que tentamos traballar, día a día, aplicando esos valores nas nosas vidas. Gracias pola súa confianza.

Gracias, tamén, ó Clube Amigos do Baloncesto Obradoiro. A tódolos veciños e obradoiristas que estades aquí, e ós que enchedes o pavillón cada partido. Gracias por deitares os vosos sonhos... *A orillas del Sar*, como fixera Rosalía. Gracias polo voso alento.

A meu pai, a miña nai, e as miñas irmáns, que me aturaron e endereitaron de cativo. Gracias polo voso exemplo. A miña muller, Raquel, que me segue a aturar de vello. Gracias porque sen ela, nada desto tería pasado. E os nosos fillos... Guille e Lola. Gracias porque sen eles, nada disto tería futuro.

Pero non me sacaron a este balcón para quentarvos as orellas cos meus contos... nen vós estades aquí para escoitalos. Esta noite cadramos todos no Obradoiro para dar comezo ás festas da nosa cidade. Serei breve...

¡Veciños! ¡Forasteiros! ¡Xentiña de canto recuncho hai no mundo...! ¡Obradoiro! ¡Compostela!
¡En nome do concello... ! ¡Benvidos ás festas do Apóstolo!

Disfrutade que agora é tempo de troula e de parranda, de verbena e foliada.

Disfrutade do meigallo de Compostela en festas, escoitade o feitizo das súas pedras, respirade a ledicia das súas rúas. E logo, camiñante, de noite, pasea reverente, polas súas prazas, silencioso, paseniño... oindo o eco dos teus pasos, soando cun andar... miudiño.